

13.

Herbón - Padrón - Iria Flavia Escravitude - Faramello - Santiago



AUTOR: Luis do Freixo
Deseño Gráfico: Sesa@Silva
VMLG.13.
PATRIMONIO

Diseño © Sesa Silva

CONXO **COLEXIATA DO SAR** **CORTICELA**
FARAMELLO **Vía Mariana** **HERBÓN**
IRIA FLAVIA **ESCRAVITUDE**



PATRIMONIO GALEGO



<http://patrimoniogalego.net/>

INDICE

- | | |
|--|--|
| 01. San Antonio de Herbón
02. Santa Maria Iria Flavia
03. Santuario de La Virgen De La Exclavitud
04. Cruceiro de Cruces
05. Santa María de Cruces
06. Pazo do Faramello
07. Castro Iupario
08. Caralleira de Francos
09. Capela do Santo Martiño
10. Capela da Magdalena | 11. Cruceiro do Churuchao
12. Igrexa da Mercé de Conxo
13. Colexiata de Santa María de Sar.
14. Museo de Arte Sacro da Colexiata do Sar.
15. Albergue Seminario Menor
16. Santuario da Virxe do Portal
17. Igrexa de San Félix de Solovio
18. Igrexa de San Benito do Campo
19. Santa María da Corticela |
|--|--|

Cruceiros de Galicia. <https://cruceirosdegalicia.xyz/index.html>


VMLG 13. Herbón-Padrón-Santiago

<https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/vmlg-13-herbon-padron-santiago-156309939>

Descripción del itinerario

Ruta de Mosteiro de Herbon a Catedral de Santiago pasando por:

- Iglesia de Santiago de Padrón (3.0 km)
- Igrexa de Iria Flavia (3.9 km)
- Santuario de la Esclavitud (8.9 km)
- Capela de San Martiño (14.6 km)
- Puente Rio Tinto (16.7 km)
- Capilla de Santa María Magdalena (20.7 km)
- A Merced de Conxo
- Ponte da Gradicela (24.9 km)
- Parque Eugenio Granell (25.9 km)
- Fonte dos Capitáns (26.6 km)
- Colegiata de sar (27.2 km)
- Albergue Seminario Menor (27.8 km)



01. [Convento Padres Franciscanos San Antonio de Herbón](#)



<https://www.padronturismo.gal/es/disfruta/cultura-y-patrimonio/patrimonio-religioso/convento-de-san-antonio-de-herbon/>

<https://www.alberguescaminosantiago.com/camino-portugues/albergues/hospital-de-peregrinos-san-antonio-de-herbon-herbon-la-coruna/>

<https://galiciapuebloapueblo.blogspot.com/2015/05/convento-de-s-antonio-de-herbon-padron.html>

Cruceiro de Herbón <http://patrimoniogalego.net/?p=107949>

Cruceiro que nace sobre tres chanzos de sección cadrada. A súa base en escocia dá paso a un varal que comeza en sección cadrada e segue en octogonal. A continuación o capitel, decorado con volutas.

O conxunto remata cunha cruz florenzada na que aparecen as imaxes de Cristo crucificado baixo cartela de INRI no anverso; xunto a el aparece San Francisco abrazándoo.

No reverso vemos a Virxe inmaculada apoiada nunha peña e coroada por dous anxos situados no brazo horizontal da cruz.

<https://www.obaioulla.gal/elementos/padron/elementos-relixiosos/cruceiro-de-herbon>

[INDICE](#)



Restaurante Casa Dios <https://maps.app.goo.gl/rgDqM9Ar3bxqGM4Q7>



02. [Igrexa Santa María Iria Flavia](#)

<http://patrimoniogalego.net/?p=8970>

Catalogouxo Xandlinathry Cronoloxía: Época Altomedieval,

Descripción:

O primeiro templo de Iria foi arrasado no século X por Almanzor. Posteriormente, no XII, o arcebispo Xelmírez ordena a súa reconstrucción, converténdoa en colexiata. Desta época só se conserva a portada principal gótica, xa que despois sufriu novas reformas. Así, a actual igrexa data dos séculos XVI e XVII, sendo unha das máis antigas de Galicia e o primeiro templo mariano do mundo. Tralo descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago o 25 de xullo do ano 813 por parte do bispo Teodomiro, a súa importancia decaeu, malia que a volvería a adquirir dentro do ámbito xacobeo.

A construción, de planta lonxitudinal e tres naves separadas por piares, conta na fachada con dúas destacadas torres escalonadas e unha portada na que se representa unha adoración dos reis magos. Posúe, ademais, dúas capelas acaroadas. A do lado sur, datada no XVII, é obra do arquitecto Melchor de Velasco; e a do lado norte, do XVIII, é a do Sagrario, dedicada á Virxe de Belén.

No adro son de salientar, ademais, a gran cantidade de antigos sartegos atopados. Ata 28 bispos tiveron aquí o seu lugar de repouso eterno, contando tamén con famosos coma Rosalía de Castro, hoxe soterrada en Santiago de Compostela, e Camilo José Cela, entre outros.

A colexiata foi suprimida en 1851, quedando o templo como parroquia.

http://patrimoniogalego.net/wp-content/uploads/2011/11/102_1053-2.jpg

Cruceiro <http://patrimoniogalego.net/?p=74742>

Sartegos de Santa María a Maior de Iria <http://patrimoniogalego.net/?p=90836>

Cruceiro do Adro de Iria <http://patrimoniogalego.net/?p=74758>



Porta dos Marinoss

<https://www.obaioulla.gal/index.php/elementos/padron/elementos-reliosos/cruz-da-porta-dos-marinoss>



03. Santuario De La Virgen de La Exclavitud

Catalogouno Xandlinathry

<http://patrimoniogalego.net/?p=8976>

Cronoloxía: Idade Moderna (XVI-XVIII),

Descripción: O monumental Santuario da Escravitude, situado a medio camiño entre Santiago e Padrón, data do século XVIII. Como elemento salientable na fachada principal, precedida por un atrio cunha grande escalinata de acceso, destacan as dúas torres de grande altura, rematada unha delas no século seguinte ao da construción. O templo posúe

planta de cruz latina e unha única nave con cabeceira cuadrangular. Destaca, tanto en altura como en planta, o cruceiro, rematado nunha lanterna ao exterior.

Segundo a lenda, a finais do século XVI o párroco de Cruces mandou colocar no lugar, enriba dunha fonte, unha imaxe da Virxe co nenó, en agradecemento aos favores recibidos da santa. Anos despois, xa no século XVIII, un home enfermo que se dirixía a Santiago para pedir curación da súa hidropesía, bebeu da fonte situada baixo a escalinata do adro, curándose ás 72 horas sen tratamento médico algúin. O home, agradecido, dixo a seguinte frase que lle dou o nome o santuario: "Grazas, Virxe, que me libraches da escravitude do meu mal". Mais adiante, a igrexa comezou a construírse cun carro de bois que o agraciado doou para levantar o edificio. <https://maps.google.com/?cid=10951637603112795804>

[INDICE](#)



04. Cruceiro de Cruces

<http://patrimoniogalego.net/?p=107237>

Cruceiro que nace sobre un so chanzo de sección cadrada.

A súa base cúbica de arestas rebaixadas da paso a un varal de sección cadrada coas arestas rebaixadas.

Un capitel cadrado da paso a unha cruz de arestas rebaixadas e sen imaxes.

Este cruceiro atópase no Camiño de Santiago.

<https://www.obaioulla.gal/elementos/padron/elementos-reliosos/cruceiro-de-cruces>

<http://cruceirosdegalicia.xyz/Cruceros/Web/1506514.html>



Taberna O Tallón

<https://maps.app.goo.gl/Humh2EQOr1Ucwk7L9>

05. [Igrexa de Santa María de Cruces](#)

Catalogouño Oscar Franco

<http://patrimoniogalego.net/?p=107225>

Cronoloxía: Época Altomedieval,

Descripción:

Edificación relixiosa feita a base de cantaría granítica, con planta rectangular dunha soa nave e cuberta a dúas augas con pináculos nos extremos.

A fachada principal presenta porta de aceso

enmarcada e con frontón recto partido. Máis arriba unha fiestra rectangular.

O conxunto remata cunha torre campanario dun só corpo nun dos laterais.

<https://www.obaioulla.gal/elementos/padron/arquitectura-relixiosa/igrexa-de-santa-maria-de-cruces>


Cruceiro II da Igrexa de Santa María de Cruces <http://patrimoniogalego.net/?p=107233>

Cruceiro I da Igrexa de Santa María de Cruces <http://patrimoniogalego.net/?p=107229>



[INDICE](#)

06. [Pazo do Faramello](#)



www.pazofaramello.com. <https://goo.gl/maps/vnwezHKb6b82>

Catalogouño Xose Troiano <http://patrimoniogalego.net/?p=97717>. Cronoloxía: Idade Moderna (XVI-XVIII),

Descripción: O Pazo do Faramello é un edificio de comezos do século XVIII de estilo barroco compostelano civil, con marcadas influencias italianas que delatan a súa orixe xenovesa do seu fundador, o Marqués de Piombino.

Situado en pleno corazón da Comarca do Sar, encóntrase equidistante en 12 km de Padrón e de Santiago de Compostela, e ademais é o derradeiro pazo atravesado polo Camiño de Santiago portugués antes de chegar á capital compostelana.

A finca abarca unha superficie de 126.000 m² e o edificio principal supera os 2100 m² magníficamente construidos. Destaca entre a élite dos grandes pazos galegos pola súa orixe industrial, xa que se fundou a partires da Real Fábrica de Papel do Faramello, 1710, pioneira e abandeirada da industria galega por máis de dous séculos e da cal, aínda se poden visitar os antigos muíños coas seus correspondentes apeiros.

O Pazo está construído en terrazas sobre o canón do río Tinto, adaptándose por tanto ó terreo, en principio tiña forma de "T" o cal engadiríase outra edificación pola súa parte norte. Consta de planta baixa máis un andar superior que está cinguido por unha fraga milenaria de carballeira xacobea en fráxil equilibrio, pero mantida en perfecto estado e en permanente recuperación. Este esforzo de conservación vese ampliamente recompensado coa asombrosa biodiversidade do lugar; lontras, búfos, garzas reais, parrulos silvestres, troitas, rás, esquíos, furóns, martiños pescador, raposos vermellos, especies amenazadas como o lagarto das silveiras de cor turquesa atopan no Faramello un reduto de protección. Ademais nos xardíns atópase un dos acibros más antigos do país, símbolo que se inclúe no escudo do concello de Rois.

Abundan as referencias históricas e literarias do Pazo, nas súas antigas cabaleirizas albergouse o arsenal contra as tropas francesas nas revoltas do 2 de xuño de 1808 e foron referencia literaria dalgúns dos máis ilustres escritores galegos (Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Cela...). Cabe destacar que é un dos entornos principais da novela de Alejandro Pérez Lugín "La casa de la Troya", de 1915, reflexo estudiantil da nobreza compostelana e, na súa época, unha das novelas más lidas do castelán.

Emblema galaico, cabe sinalar que o pazo descansa baixo os pés do lendario castro celta da Raina Lupa.

O Pazo do Faramello serviu de residencia estival da S.M. o Rei Alfonso XIII e do Infante D. Luís de Baviera nas súas visitas a Santiago.

O Señor do Faramello ostenta a honra, endexamais exercido, de poder entrar na Catedral de Santiago a cabalo, dereito outorgado por Privilexio Real no ano 1815.

Capela do Pazo <http://patrimoniogalego.net/?p=98041>

Cruceiro da Capela <http://patrimoniogalego.net/?p=98032>

Cruceiro do Pazo do Faramello <http://patrimoniogalego.net/?p=98037>

07. Castro lupario



<http://patrimoniogalego.net/?p=20702>

Cronoloxía: Idade do Ferro, Época Baixomedieval,

Descripción: Tamén é coñecido este castro co nome de Castro de Francos, por estar cerca do lugar da parroquia de Calo, que leva ese nome e pertence ao concello de Teo. Outro nome é o de castro de Beca (Bríón) e tamén do Faramello (Rois) segundo a aldea que se tome de referencia. Administrativamente atópase dividido nos concellos de Rois e Bríón, pertencendo a maior parte a este último. O recinto castramentado está a uns 140 metros de altitude, sobre un monte que domina o entorno e os vales do Sar e o río Tinto.

Chégase a acrópole por un camiño empedrado pola zona norte, sendo esta a única entrada ao recinto coñecido como a "Eira dos Mouros".

Vemos rodeando o recinto unha muralla que está relativamente en bo estado e que ten alturas e ancho diferentes segundo o treito que atravesa. No seu interior está unha ampla plataforma de 1,4 ha. cruzada por murallas que posiblemente pertenceran a unha fortaleza medieval que dominaría o paso por unha antiga vía que atravesaba pola Ponte de Francos sobre o río Tinto en dirección ao val da Amaña.

Atribúese a este castro a lenda medieval da residencia da raína Lupa, relacionado co mito xacobeo da traslación do Apóstolo a terras de Santiago. A descripción más antigua que se coñece é a de M. Castellá Ferrer en 1610 (segundo nos apunta Clodio González Pérez no seu libro da historia e cultura de Bríón): "Residía lupa en un castillo, y Fortaleza suya, rodeado de gruesa murallas, que aun tiene doce piez de ancho en algunas partes, dentro de la qual ay tanta capacidad, que cabe un escuadrón de quatro mil hombres, y más: aun ay oy día grandes pedaços della, en partes tiene altor de una pica (q. quiera Dios conservar estas memorias para honor de su Apóstol). Tenía el Castillo en medio desta plaça, cuyos cimientos se ven ora, y desde la entrada de la primera muralla se yva a el por una calle estrecha de ocho pies de ancho, hecha de uno, y otro lado con gruesa muralla."

Como sucede en moitas acrópoles houbo aquí unha parroquia documentada na idade media coñecida por San Antonini de Castro que foi unha das igrexas que recibiu diego Xelmírez do seu irmán Munio. Xa non existía no século XVII, pois en 1635 o visitador diocesano ordenou a súa destrucción por estar en estado ruinoso, e que se puxera unha cruz no seu lugar.

Fernando Acuña Castroviejo e Milagros Cavada realizaron a excavación más documentada que se coñece. Atopáronse nel gravados esculturas cerámicas e moedas, e afirman que dentro da eira dos mouros hai restos de muros, entre os que destacan os dunha construcción rectangular de case setenta metros de longo por uns corenta de ancho. Destacan tamén entre os achados unha talla de cabeza humana que estivo no museo das peregrinacións en Santiago de Compostela, agora en paradero descoñecido, segundo afirma Francisco Calo Lourido no seu libro "A Plástica da Cultura Castrexoa Galego-Portuguesa".

PXOM Rois:

<http://www.planeamientourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/ROIS/documents/0349PB006.jpg>

PXOM Bríón:

<http://www.planeamientourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/BRION/documents/0078CA002.pdf>

http://www.infobrion.com/sistema/download/1077129280_CATALOGO_ARQUEOLOXIA.pdf (página 6)

Outros enlaces sobre: Gravuras en : http://www.csamento.uminho.pt/docs/ndat/rq/RGVE1999_042.pdf (pax. 2)

Lenda da Raiña: Lupa en "Mouros, Animas y Demonios" de Mar linares García, (página 57 e ss.)

www.terrasdesantiago.com/index_3.php?idMenu=324&idNoticia=495166

<https://www.rois.gal/es/conece-rois/patrimonio-cultural/patrimonio-arqueoloxico/>

[INDICE](#)

Albergue de Peregrinos de Teo



<https://www.alberguescaminosantiago.com/camino-portugues/albergues/albergue-de-peregrinos-de-teo-de-la-xunta-de-galicia-o-faramello-la-coruna/>

08. [Carballeira de Francos](#)

<http://patrimoniogalego.net/?p=98057>

Carballeira situada ó carón do Camiño Portugués a Santiago de Compostela. Nunha parte desta carballeira sitúase o Campo da Feira, onde se celebra a feira cabalar de San Martiño como cada 11 de novembro desde comenzaos do século XVI. Comezaron sendo tres feiras en distintas épocas do ano, da que só se conserva a que se celebra en novembro. Ademais da actividade propia da feira, é tradición de toda bisbarra vir aquí a comer polbo. Esta feira foi moi importante en séculos pasados aproveitándose da proximidade da estación do tren de Osebe para exportar gando a toda península. Moi perto está o Cruceiro do século XII que está incluído no libro de Castelao e tamén a capela de San Martiño da Rúa de Francos.



09. [Capela do Santo Martiño / Capilla de San Martín](#)

<http://patrimoniogalego.net/?p=100204>

Catalogouno OSCAR FRANCO

Edificación feita a base de perpiaño granítico, con planta rectangular e cuberta a dúas e catro augas.

Na fachada podemos ver unha porta de acceso enmarcada, oco onde se podería ver unha imaxe, xanela e unha pequena espadana dun só oco con remate en cruz pétreas e pináculos de bólano nos extremos.

No seu adro existe un cruceiro

<http://patrimoniogalego.net/index.php/97527/2017/11/cruceiro-da-capela-de-san-martino-de-rua-de-francos/#comment-6241>

<http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/TEO/documents/27387CA302.pdf> (Páxina 1)

<http://inventariopatrimoniocultural.xunta.es/>

<http://www.upmilladoiro.org/capilla-de-san-martino-de-francos/>



[INDICE](#)



10. [Capela da Magdalena](#)

<http://patrimoniogalego.net/?p=50575>

Catalogouno ELIXIOVIEITES

Capela de planta rectangular con corpo engadido na cabeceira. Feita con muros de perpiaños e tellado a dúas augas. Na fachada leva porta alintelada e remata na parte superior en pequeno beirado cunha base cadrada da que arranca a espadana de dous corpos. O principal leva dous vans para as campás con arco de medio punto e o de enriba é un pequeno edículo con oco en forma de ovalo para adornar o cume e que remata con lados redondeados e unha cruz de forxa no cume.

Tanto a espadana como os remates laterais da fachadas levan pináculos de bólano.

Pola súa situación nun outeiro, esta ermida de orixe románica, era o punto no que vían as torres da catedral por vez primeira os peregrinos que facían o camiño Portugués.

Para algúns autores, o topónimo do Milladoiro, onde está a capela, lembra a existencia dun “humilladoiro” do Camiño de Santiago.

Aquí os peregrinos que chegaban pola ruta marítima e o Camiño Portugués ao ver as torres da catedral compostelana, axeonllábanse e daban grazas a Deus por poder acabar o camiño.

Outros especialistas no camiño sinalan que recibiría o seu nome pola existencia dun “amilladoiro”, una morea de pedras que deixaban os peregrinos que facían o camiño. Os romeiros deixarían, no primeiro lugar de avistamento da Catedral, unha pedra traída desde a súa terra natal, para que fose testemuño da súa camiñada para que cando chegase o momento do Xuízo Final, as pedras falasen ao seu favor dando conta da súa devoción e peregrinaxe a Compostela

<http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/AMES/documents/0023CA009.pdf>

<https://confrariadamatadlena.wordpress.com/historia-do-milladoiro/>

11. [Cruceiro do Churruchao](#)

<http://cruceirosdegalicia.xyz/1507816.html>



12. [Igrexa da Mercé de Conxo](#)

<http://parroquiadeconxo.blogspot.com/>

<http://www.mercedarios.net/>

http://parroquiadeconxo.blogspot.com/p/historia-de-conxo_19.html

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2020/06/15/hallan-talla-virgen-angeles-150-kilos-rio-sar/00031592214627892151675.htm>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2021/03/01/virgen-conxo-700-anos-obra-taller-esculpió-salome/0003_202103S1C2991.htm?fbclid=IwAR0m0LOXxqmYNwXazKex3dt8P51exRQE8uLI529hr6nUGWf79LH2jBHymY

[INDICE](#)



[Senda Río Sar - Parque peatonal 'Eugenio Granell'](#)

<https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/places/parque-eugenio-granell/>

13. [Colexiata de Santa María de Sar](#)



<https://www.santiagoturismo.com/monumentos/colexiata-santa-maria-a-real-do-sar-6>

S. XII. Románica. Construida en el siglo XII a las orillas del río Sar es, junto con la Catedral, la iglesia que conserva mayor parte de su primitiva fábrica románica.

En el exterior llaman la atención los robustos arbotantes construidos entre los siglos XVII y XVIII para proteger los muros septentrionales y evitar su derrumbe: bien fuese por un error técnico en la construcción, por la atrevida elevación de las naves laterales, por el corrimiento del inestable terreno sobre el que se asienta, que a menudo es inundado por el río, o por voluntad de quienes trabajaron en su construcción, los muros y las columnas interiores están visiblemente inclinados, lo que le confiere un singular atractivo y obligó a rehacer la bóveda de cañón en el siglo XVI.

El interior, de hermosas proporciones, impresiona a todo aquel que lo visita por la inclinación de las columnas hacia las naves laterales, dando sensación de inestabilidad. La pila bautismal, a la derecha de la puerta principal, es una interesante pieza arqueológica del siglo XII.

A través de la sacristía puede accederse al claustro, el único que posee la ciudad en estilo románico. Sólo se conserva una de las alas, el resto pertenece a los siglos XVII y XVIII. Dentro se expone una buena colección de piezas arqueológicas y litúrgicas.

<http://patrimoniogalego.net/?p=48836>. Catalogouño GONZALO GOMEZ REY

Tratase dun templo románico de planta basilical de tres naves do século XII no que traballou entre outros, o taller do Mestre Mateo. Ten adosado un elaborado claustro, pois orixinariamente foi un mosteiro da orde de San Agustiño, e sería o primeiro desta orde en Galicia.

Os muros, co paso do tempo vironse afectados pola presión, e no século XVIII, para evitar un posible derrubamento, acaroáronsele unha serie de arcobotantes de certa embergadura, visibles sobre todo pola parte exterior, que pasaron a darlle unha apariencia moi característica.

<http://www.colegiatadesar.com/>

<http://cultura.xunta.es/imxd/programa/doc/1350635148121004BICGALICIA.pdf>

https://www.wikiwand.com/es/Colegiata_de_Santa_María_del_Sar



14. [Museo Da Colexiata Do Sar](https://www.santiagoturismo.com/museos/museo-da-colexiata-do-sar)

<https://www.santiagoturismo.com/museos/museo-da-colexiata-do-sar>

Localizado en la iglesia románica de Santa María de Sar, podemos ver en este pequeño museo, fundado en 1975, piezas de valor histórico y documental muy importantes, como el pergamo fundacional del templo, fechado en 1136 y sellado por el arzobispo Diego Gelmírez. Dentro del apartado que tiene dedicado a la orfebrería se pueden ver objetos litúrgicos realizados en talleres compostelanos durante el siglo XVIII. La sección arqueológica la forman una serie de piezas del antiguo claustro románico, obra del Maestro Mateo o de su escuela.



15. [Albergue Seminario Menor](http://www.alberguesdelcamino.com/santiago/albergue-seminario-menor)

<http://www.alberguesdelcamino.com/santiago/albergue-seminario-menor>



16. [Santuario da Virxe do Portal](https://www.santiagoturismo.com/rutas/convento-de-clausura-de-santa-maria-de-belvis)

<https://www.santiagoturismo.com/rutas/convento-de-clausura-de-santa-maria-de-belvis>

<https://goo.gl/maps/Dgi7tAHQbrUqmLvk7>

[INDICE](#)

17. [Igrexa de San Félix de Solovio](http://patrimoniogallego.net/?p=20634)

<http://patrimoniogallego.net/?p=20634>

Catalogouño franjopadin

As orixes lexendarias deste templo relacionano co oratorio onde o eremita Paio levaba unha vida de retiro e oración, cando, alá polo 813, unhas luminarias que considerou milagrosas indicáronlle a ubicación da tumba do apóstolo Santiago.

A primeira igrexa, da época do bispo Sisando, foi destruída na azeifa de Almanzor, no 997, e máis tarde reconstruída polo arcebispo Xelmírez, no ano 1122, en estilo Románico.

Da fábrica románica non queda a penas nada. A portada conta cun arco de medio punto con dobre arquivolta decorada con lóbulos de ferradura, e unha chambrana de botóns engarzados con entrelazos. Apoiase en dous pares de finas columnas nos derrames, con basa sobre zócalo, fuste liso e capiteis pseudocorintios, con cimacio decorado con rosetas e grecas en zig-zague. O timpán, de estilo gótico, data de 1316 segundo consta na inscrición do lintel, e é obra do mestre F.París. Representa a Epifanía, coa Virxe no centro e o neno no colo, e á súa dereita os tres magos, un deles axeonllado e ofrecendo ao Neno un regalo. Ao outro lado aparecen San Xosé sentado sobre un escano e apoiado nun caxato, e outra figura axeonllada en actitude reverente, identificada como Xoan de Ben, o mecenas da obra.



No século XVII, a igrexa sufriu unha fonda remodelación da man do mestre Simón Rodríguez, prolongándose a nave central e engadindo dúas laterais, separadas con pilares. A nave central ten cuberta de madeira, mentres que as laterais e o presbiterio cúbrense de bóveda de aresta en tramos separados por arcos faixóns que descansan en ménsulas á altura da imposta. Tamén se construíu unha pequena torre de sinos no alto do pincho da fachada, erguida sobre unha pequena base cadrada, á que se lle suma un corpo con catro vans, decorados con placas que van aumentando o seu grosor ata sostener unha cornisa voada, de xeito que a parte alta da torre ten máis volume que a súa base. A torre remátase cunha cupuliña de gallóns con parellas de pináculos en forma de piña nas esquinas. Este xogo de volumes invertidos, que xoga coa idea de inestabilidade e desequilibrio, será moi imitado noutros campanarios de Compostela e de Galicia, e dará sona ao arquitecto, que tivo en San Fiz o seu primeiro encargo importante.

[INDICE](#)



[Cruceiro de San Fiz de Solovio](http://patrimoniogalego.net/?p=87599) <http://patrimoniogalego.net/?p=87599>

Catalogouno Xose Troiano.

Cruceiro de tipo “De Crucifixo” con plataforma cuadrangular de tres chanzos e pedestal cuadrangular ramatado cun bocel. O varal é cadrado con chafráns e cunha cartela con inscricóns. Debaixo desta cartela, no varal, ten outra inscrición que pon: “ANO DE 1718” Ten un capitel cuadrangular moldurado que soporta unha cruz circular, leñosa con nós.

No anverso da cruz presenta a Cristo Crucificado con tres cravos, as mans abertas e o pé derecho sobre o esquierdo. Ten a cabeza cara adiante cunha coroa de espiñas e un pergamiño coas siglas INRI. O seu pano de pureza vai anoadoo á dereita. Polo reverso da cruz fica a Virxe en actitude de orar cos dedos das mans entrelazados e situada sobre unha peña con cartela. O cruceiro é todo de granito cun estado regular de conservación ademais, este cruceiro é un BIC declarado: Os cruceiros de máis de 100 anos están protexidos polo Decreto 571/1963, de 14 de marzo, “sobre protección de los escudos, emblemas, piedras heráldicas, rollos de justicia, cruces de término y piezas similares de interés histórico-artístico”; ademais, teñen a consideración de Bens de Interese Cultural (BIC) segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 16/85 de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español; así o recoñece e garante a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Antigamente, coñecíase a este cruceiro como cruceiro de Ramírez, ergueuse en 1718, como ben marca no varal, na actual zona do ensanche, no contorno da praza Roxa. Foi trasladado logo á praciña de Fonseca e, anos máis tarde, ao lugar que hoxe o podemos ollar. Rosalía de Castro escribeu un poema sobre este cruceiro incluída no capítulo IV de Follas Novas.

[INDICE](#)



18. [Igrexa de San Benito do Campo](http://patrimoniogalego.net/?p=19970)

<http://patrimoniogalego.net/?p=19970>

Catalogouno franjopadin

Hai referencias á existencia dunha igrexa no lugar da Praza do Campo dende finais do século X, nos tempos de San Pedro Mezonzo. Este templo foi reconstruído por completo polo bispo Xelmírez no século XII en estilo románico, e posteriormente reformado no século XIV. Pero foi nos tempos do arcebispo Malvar, a finais do século XVIII, en que se decidiu a reforma completa do edificio, abaténdoo por completo e refacéndoo en estilo neoclásico, que é como se amosa hoxendía.

A traza do edificio é do arquitecto Melchor de Prado Mariño, seguindo as pautas do neoclasicismo imposto dende a Academia de Belas Artes de San Fernando. A fachada é dunha xeada sobriedade, enmarcada entre dúas grandes pilastras de perpiaño lisas, sen base nin capitell, que sosteñen un entaboamento igualmente liso. Estre estas ábrese a porta, con arco alintelado, coroad por unha cornixa moldurada, e sobre ésta, un tragaluz semicircular. Sobre o entaboamento instálase un frontón triangular liso, sen decoración algúnsa, e sobre o pincho, erguese un pequeno campanario octogonal.

O interior conta cunha soa nave que, quizais como reminiscencia do primeiro edificio románico, cúbrese con bóveda de canón dividida por arcos faixóns en catro tramos. Os faixóns apóianse en pilastras adosadas aos muros, e entre elas ábrense pequenos nichos laterais enmarcados en arcos formeiros, que acollen altares e pinturas. A liña de imposta é remarcada por un amplio entaboamento. A iluminación procede dos lunetos abucinados que, sobre a imposta, se abren a través da bóveda, en cada un dos tramos en que se divide. O presbiterio sepárase da nave por un arco triunfal sostido por pilastras lisas, no que se pode ler en letras douradas as verbas do Salmo 84 “beati qui habitant in domo tua, domine, in sæculum sæculi laudabent te”. A ousía, semicircular, divídese en cinco tramos por pilastras, decorados cada un con pinturas. A bóveda tamén está pintada, áinda que a feluxe dos séculos escureceu a obra ata facela irrecoñecible.

No interior, ademais das interesantes pinturas, tamén se conservan vestigios da primeira igrexa románica, coma os tímpanos con escenas da Anunciación e da Epifanía, en relevo policromado. Tamén destacan as tallas barrocas de San Antón, San Xoán Bautista e San Xosé.

[INDICE](#)

19. [Santa María da Corticela](#)


Catalogouño XOSE TROIANO

<http://patrimoniogallego.net/?p=54577>

Cronoloxía: Época Altomedieval,

Descripción:

A igrexa de Santa María A Antiga formaba parte dun antigo mosteiro da "Corticela", fundación do obispo Sisnando I, a finais do século IX, sen que se poida descartar unha orixe máis antiga, en relación co "descubrimento" da Tumba de Santiago.



A primitiva Corticela tiña tres alturas dedicadas a San Esteban, San Silvestre e Santa Columba, advocacións que axiña desaparecerían e que pasaría á advocación de San Martiño, aló polo século X, levantando un oratorio ó final da centuria coa autorización do bispo Pedro de Mezonzo.

Esta nova igrexa construíuse trala destrucción da primitiva polo caudillo musulmán Almanzor en agosto do ano 997. O primitivo templo prerrománico, seguindo o modelo da igrexa xacobea de Afonso III, consagrada no 899, a súa cabeceira organizaríase cun presbiterio cuadrangular, único e de amplas proporcións, que iluminaría unha aula de tres curtas naves, separadas por piares de sección rectangular, onde catro dos seus ábacos serven de soleira de cimentación a unha das columnas actuais.

A cuberta de madeira cóbrese con teitume de madeira a dúas augas, as laterais faríano a unha.

O edificio existente mantén, a pesar das reconstrucións sufridas ó longo dos séculos, en particular a que seguío á devastación de Almanzor, que debeu repetir fielmente a proposta inicial, e que tamén semella ter condicionado a efectuada a mediados do século XIII, que conforma a fábrica actual.

Da antiga fábrica, á parte o mantemento de boa parte da planta e a concepción xeral dos seus volumes, quedan os antes nomeados ábacos, descubertos durante a restauración feita no ano 1966.

Durante o episcopado de don Juan Arias (1238-1266), a Corticela sufreu unha profunda remodelación que parece manter unha parte significativa da antiga planta e dos seus alzados, malia reducirse a dous os tres tramos primitivos e de separarse mediante esveltas columnas, con capiteis de follas. Tamén se intensificou a iluminación cenital coa apertura de óculos sobre o arco triunfal do presbiterio e a portada occidental. A maior modificación posterior foi o engadido das dúas capelas laterais, de desiguais proporcións e absoluta austerdade ornamental que, paradoxicamente, reforzan a apariencia prerrománica do edificio.

A capela de san Nicolás do cruceiro catedralicio está estreitamente relacionada coa Corticela. Se a súa construción obrigou a corta-la lonxitude das súas naves, finalmente converteuse en paso obrigado entre a Catedral e a antiga igrexa monacal, non sendo obstáculo sequera, as acusadas diferencias de nivel entre ambas, salvándose cunha sinxela escalinata sobre a que se levanta unha magnífica portada, unha pequena xoia dos seguidores do Mestre Mateo. As súas arquivoltas, de medio punto, presentan unha extraordinaria decoración vexetal que enmarca a Epifanía do tímpano. Como as figuras de María co Neno, Xosé e o primeiro dos Magos están tallados en pezas independentes encaixadas no tímpano, segundo a técnica empregada no propio Pórtico da Gloria.

Este fermoso templo, apéndice da catedral de Santiago é, dende tempo inmemorial, parroquia de estranxeiros e vascos. No seu interior, a planta basilical fórmana tres naves, ollando como a central adquire unha gran altura iluminándose con profundos ventanais; mentres cas naves laterais, tamén co artesonado de madeira e a unha vertente como xa comentaramos, fican moito más baixas e ilumínanse a través dos ventanais abertos nos seus muros. Destaca tamén a pía bautismal gótica e bronces do escultor compostelano Jesús León, un sarcófago con lauda en "stola antropomórfica" do século VI, da necrópole cristiana, do subsolo da Catedral e máis detalles interesantes.

https://www.turismo.gal/recursode/-/detalle/26567/igrexa-de-santa-maria-a-antiga-da-corticela?langId=es_ES&tp=8&ctre=31

[INDICE](#)

<https://maps.app.goo.gl/2gwzcwKhN8jZikNg6>